



**Alberto Fernández Güimil**

**N**este curso hai un alumno especial que nos deixa tras unha longa andadura no noso colexio, Alberto Fernández Güimil, actual presidente da A.N.P.A.

É difícil resumir nunhas poucas liñas, os dez anos de traballo, de esforzos, e de proxectos cumpridos, que no seu labor o fronte desta asociación fixéronse máis doados.

Por iso a comunidade educativa deste Centro quere agradecer o traballo de Alberto, que sempre formou parte do Consello Escolar asistindo as entrevistas cos distintos Delegados Provinciais e cargos da Consellería de Educación, para que o Centro tivese un comedor escolar, parque infantil e os patios de recreo puideran reformarse. Sempre tratou de que a A.N.P.A axudase economicamente o centro (ordenadores, T.V., andeis para biblioteca etc.), incluso ampliando servizos como madrugadores, coidadora e por suposto sempre coidando o benestar do alumnado.



Basta dicir que con Alberto vaíse unha etapa que os que con el estivemos non esqueceremos, porque soubo dar sempre o mellor de si mesmo para poder acadar aqueles obxectivos a pesar das dificultades que sempre aparecen.

Non che decimos adeus se non ata logo e moitas grazas amigo Alberto.

# DESPEDIDAS

**C**omo cada ano por estas datas remata un longo curso escolar, algúns xa non voltarán o cole tralas vacacións de verán. Os nenos/as de 6º curso, que comezarán en setembro unha nova etapa co seu ingreso no instituto. E tamén profesores como Isabel e Maximino que se xubilan logo de moitos anos de profesión.

## ENTREVISTAMOS A:

Isabel Turnes Negreira

1.- Cantos anos leva no ensino?

Levo traballando 41 anos; un ano no ensino privado e 40 no ensino público.

2.- Cal foi o primeiro colexio no que traballou?

Empecei a traballar o ano 1966 nun colexio privado de Santiago que xa non existe. Ese curso aprobei as oposicións de maxisterio e o primeiro destino, xa nunha escola unitaria, foi no Concello de Lousame.

3.- Por que quixo ser profesora?

En principio porque a carreira de Maxisterio era curta, só duraba tres anos. Na miña familia eramos oito irmáns e había que poñerse a traballar pronto.

4.- Arrepentiuse algunha vez de ser profesora?

Pois si, máis de catro; pero durábame pouco. A profesión de mestra é moi bonita, pero ten tamén momentos difíciles. Gústame pola relación directa que tes cos nenos/as, porque é moi gratificante ver o progreso dunha clase ó longo do curso, e porque é unha profesión que te obriga a estar sempre ao día. Cando non consegues os obxectivos que te propós, ás veces, sénteste frustrada. Gústame ensinar pero aborrezco ter que presionar aos alumnos para conseguir un clima de traballo na aula.

5.- Por que se xubila?

Porque teño 60 anos, porque teño 4 preciosas netas ás que lle quero dedicar máis tempo, porque me gusta viaxar, e tamén porque despois de tantos anos de traballo quero tomar a vida con calma e facer algunhas cousas que ata agora non podía facer.

6.- Por que veu ao PIO XII a traballar?

O PIO XII é un colexio ben situado, está a cinco minutos da miña casa andando. Por outro lado ó alumnado ten un nivel socio-cultural alto e isto facilita o traballo do profesorado. Tamén porque tiña boas referencias do seu funcionamento.

7.- Cóllelle cariño aos seus alumnos/as.

Cóllelle cariño pola convivencia diaria e sénteste responsable da súa formación. A relación e o coñecemento de situacións persoais fai que sintas aos alumnos/as como algo importante na túa vida.



## Maximino Vicente Terceiro

1. Por que quixo ser profesor?

Porque eu de pequeno admiraba o meu pai que era profesor. Tamén polo pracer de coñecer e por último porque é unha maneira de axudar ós demais a aprender.

2. Cantos anos traballou de director?

Dende 1988 ata 2006, dezaioito anos.

3. Cal foi o primeiro colexio no que traballou?

Foi o colexio de Vila Sobroso en Mondariz.

4. Por que se xubila?

Por razóns de tipo persoal e tamén por que o chegar a unha certa idade hai que deixar paso os máis novos.

5. Por que elixiu o Pío XII para xubilarse?

O escollín porque estaba en Santiago e porque goza de moito prestixio.

6. Que fará cando se xubile?

Escribir, por suposto descansar e seguir estudando.

7. Cambiará algo na súa vida persoal o xubilarse?

Non. Pretendo seguir igual excepto na vida profesional.

8. Quere sempre moito os seus alumnos?

Si, tiven a sorte de ter alumnos bos, anque algúns máis faladores ca outros.

